

## **DECRETO DE SERVICIOS MÍNIMOS**

**Primeiro.**- Mediante comunicación de data 28/06/2024, número de rexistro de entrada número 3638 a empresa UTE CARBALLO, que presta servizo para o Concello de Carballo na recollida e transporte do lixo, punto limpo e canceira comunica que a RLT acordou convocar FOLGA nos seguintes termos:

- Que a referida folga afectará a todos os traballadores/as da empresa **UTE CARBALLO** no centro de traballo reflectido, afectando a todos os seus departamentos.

- Que a folga afectará a todos os departamentos da empresa nas distintas franxas horarias da prestación de servizo e levarase adiante segundo o calendario previsto e indicado no punto quinto deste escrito.

- Que en razón do todo o exposto convocan folga para os seguintes días:

- Do domingo 7 de xullo ás 22:30 horas e de maneira ininterrompida ate o xoves 18 de xullo ás 15:00 horas, para todas as quendas e en todas as franxas horarias de prestación do servizo tanto de recollida como en oficinas.
- Do domingo 11 de agosto ás 22:30 horas e de maneira ininterrompida ate o xoves 22 de agosto ás 15:00 horas, para todas as quendas e en todas as franxas horarias de prestación do servizo, tanto de recollida como en oficinas.
- A partir do domingo 8 de setembro ás 22:30 horas, de maneira ininterrompida e cunha duración INDEFINIDA, para todas as quendas e en todas as franxas horarias de prestación do servizo, tanto de recollida como en oficinas.

### **Consideracións xurídicas**

**I.** A Constitución Española reconece no artigo 28.2 o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses e dispón que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade. Do anterior, dedúcese que o dereito de folga non é absoluto e incondicional e está, polo tanto, suxeito a limitacións en función do ben común e do respecto ao dereito dos demais. Deste xeito, a Constitución permite que, por medio dunha lei, se establezan en caso de folga, as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Non producíndose o desenvolvemento legal esixido polo artigo da Constitución antes citado, resulta de aplicación o disposto no artigo 10.2 do Real Decreto-Lei 17/1977, do 4 de marzo, que sinala: *cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran as circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos.*

Segundo establece a Sentenza do 3 de abril do 2014, da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional, *"servizos esenciais" son aquelas actividades industriais e mercantís das que se derivan prestacións vitais ou necesarias para a vida en comunidade. (...) Para que un servizo sexa esencial deben ser esenciais os intereses satisfeitos. Como bens e intereses esenciais hai que considerar os dereitos fundamentais, as liberdades públicas e os bens constitucionalmente protexidos. A decisión adoptarse tendo en conta a extensión da folga, a duración prevista e a proporción dos sacrificios impostos aos folguistas e ao usuarios dos servizos* (STC 26/1981, do 17 de xullo).

No eido local e para o servizos de competencia municipal, son os alcaldes os encargados, como autoridade gobernativa, de fixar a porcentaxe de prestación mínima dos servizos esenciais para a comunidade (STS do 10 de maio de 1986). Segundo a STC do 5 de maio de 1986, entre outras, é posible delegar na dirección da empresa a designación dos concretos traballadores pero non a fixación dos servizos mínimos.

En todo caso, os decretos deben de estar motivados e ser comunicados aos representantes dos traballadores, con carácter previo á súa aplicación (Sentenza do TC do 24 de abril de 1986), esgotándose nunha soa folga, non sendo, polo tanto, de duración indefinida.

**II.** O servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos prestado polo Concello de Carballo a través da empresa URBASER, S.A., é esencial para a comunidade. O anterior, na medida en que a unha eventual interrupción total poría en perigo a seguridade e a saúde das persoas. Neste senso, debe terse en conta que se trata dun servizo que se presta, de xeito indiferenciado, a toda poboación do municipio.

O mantemento dunhas condicións esenciais de salubridade, durante as xornadas de folga, reviste interese xeral. Noutro caso, a falta de recollida de lixos suporía un risco potencial para a saúde dos cidadáns debido á inmediata presenza de parasitos e á posible presenza de roedores pola a permanencia de residuos de natureza orgánica en plena rúa. A putrefacción da materia orgánica contamina o medio ambiente e trae consigo perigo microbiolóxico o que produce, asemade, un grave risco para a saúde pública. Polo tanto, a correcta xestión dos residuos urbanos e, con especial relevancia, a súa recollida, constitúese como requisito de interese xeral para a consecución do dereito á saúde previsto no art. 43 CE.

Non en balde, o artigo 25 LBRL establece como competencias municipais, e polo tanto, como servizos de prestación obrigatoria, a protección da salubridade pública e o medio ambiente urbano. Trátase, deste xeito, dun servizo crítico respecto do que deben ponderarse todas aquelas circunstancias concomitantes que permitan determinar unha porcentaxe mínima na súa prestación. Isto, de forma que se garantan uns estándares mínimos de salubridade, sen acernar o dereito á folga establecido no art. 28 CE.

Así pois, na fixación dos servizos mínimos que se establecen a continuación, tiveronse en conta unha serie de circunstancias que de seguido se relacionan.

En primeiro lugar, ao atoparnos en tempada estival é preciso valorar a concorrencia das altas temperaturas durante as xornadas de folga. Tal circunstancia supedita a determinación de servizos mínimos que deberán garantir, especialmente, a xestión dilixente dos residuos orgánicos pola súa incidencia nas condicións de salubridade nos espazos públicos.

Cómpre salientar especialmente que hai días incluídos na convocatoria de folga, coincidentes con xornadas de feira no núcleo urbano do Concello de Carballo. A este respecto, é necesario garantir a limpeza das áreas delimitadas para a súa celebración xa que, noutro caso, se produciría unha acumulación indesexada de residuos (fundamentalmente, orgánicos) producidos pola propia actividade das feiras, reportando graves problemas de índole sanitaria ao favorecerse a proximidade e traspaso de parasitos á comida que será adquirida e consumida.

En segundo lugar, reorganízanse os servizos mínimos tralas xornadas de folga convocadas para o 16/06/2024, en cuxa resolución fora ponderada a recollida naqueles espazos públicos máis afectados pola celebración das festas patronais de San Xoán, agora, prestando especial atención á contorna rural do Concello.

En primeiro lugar, é necesario garantir un estándar mínimo de recollida nas parroquias da zona costeira de Carballo, xa non pola incidencia que poida ter na actividade turística e hostaleira, se non pola grande afluencia de persoas rexistrada tralo inicio do mes de xullo nas praias do termo municipal. Neste senso, quere evitarse o risco medioambiental que pode producirse pola acumulación de lixo en zonas de alto valor ecolóxico.

Á súa vez, tense en conta a coincidencia de varias xornadas de folga coa celebración de festas patronais nas parroquias do Concello, moitas delas, igualmente, con grande afluencia e que traen consigo unha xeración importante de residuos nas datas sinaladas.

Finalmente, cómpre facer mención dos distintos servizos mínimos acordados respecto das xornadas de folga ininterrompidas, convocadas con data de inicio 07/07/2024 e 11/08/2024, e a folga convocada con carácter indefinido a partir de data 08/09/2024. Non tratándose, agora, de xornadas de folga intermitentes, debe reforzarse

necesariamente a porcentaxe mínima de prestación do servizo, diante da desorbitada acumulación de residuos no espazo público que se produciría, caso contrario. O anterior, con maior motivo, diante dunha folga de carácter indefinido, como a convocada para o 08/09/2024.

**III.** Por tanto, conclúese que a paralización total dos servizos que presta o Concello de Carballo a través da empresa URBASER, S.A., derivada do exercicio do dereito de folga, podería afectar a bens e dereitos dos cidadáns recoñecidos e protexidos no Título Primeiro da Constitución, en concreto o dereito á protección da saúde proclamado no artigo 43 da Constitución. Por todo isto, é preciso garantir e regular esta actividade ante a presente convocatoria de folga, polo que procede, de acordo co Real Decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo, a fixación dos correspondentes servizos mínimos, determinándose os mesmos no anexo desta resolución.

Corresponde a esta administración a fixación de servizos mínimos de maneira que se garanta o respecto aos principios de acomodación, adecuación ou proporcionalidade entre a protección ao interese da comunidade e a restrición imposta ao exercicio do dereito de folga, tendo en consideración os criterios que o Tribunal Constitucional sentou en materia de folga respecto da fixación dos servizos esenciais da comunidade.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro: Decretar os seguintes servizos mínimos durante os días de folga, convocada na actividade do servizo de recollida de lixo no ámbito do Concello de Carballo

- DOMINGO 7 DE XULLO ÁS 22:30 HORAS ATE XOVES 18 DE XULLO ÁS 15:00 HORAS

DÍA	SERVIZO	ZONAS	FRECUENCIA MINIMA	SERVIZO MÍNIMO
LUNS	RSU + orgánica	Nucleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	RSU	Rural Norte	6:00-13:05	43,75%
MARTES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	Cartón porta a porta (½	Núcleo		

	xornada) Envase lixeiro (½ xornada)	urbano		
	Contedores festas Edificios administrativos	Urbano + rural		
MERCORES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	Vidro (½ xornada) Retirada punto limpo (½ xornada)	Núcleo urbano		
	Recollida edificios administrativos	Urbano + rural		
XOVES	RSU+orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	RSU	Rural Sur		
VENRES	RSU+Orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	RSU	Rural Norte		
	Envase lixeiro	Rural		
SABADO	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	Cartón porta a porta (½ xornada) Envase lixeiro (½ xornada)	Núcleo urbano		
	Contedores festas	Urbano + rural		
	Envase lixeiro	Rural		

- DOMINGO 11 DE AGOSTO ÁS 22:30 HORAS ATE XOVES 22 DE AGOSTO ÁS 15:00 HORAS

DÍA	SERVIZO	ZONAS	FRECUENCIA MÍNIMA	SERVIZO MÍNIMO
LUNS	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	RSU	Rural Norte		
MARTES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	Cartón porta a porta (½ xornada) Envase lixeiro (½ xornada)	Núcleo urbano		
	Contenedores festas Edificios administrativos	Urbano + rural		
MERCORES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	Vidro (½ xornada) Retirada punto limpo (½ xornada)	Núcleo urbano		
	Recollida edificios administrativos	Urbano + rural		
XOVES	RSU+orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	43,75%
	RSU	Rural Sur		
VENRES	RSU+Orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	RSU	Rural Norte		
	Envase lixeiro	Rural		
SABADO	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	Cartón porta a porta (½ xornada)	Núcleo urbano		

	Envase lixeiro (½ xornada)			
	Contenedores festas	Urbano + rural		
	Envase lixeiro	Rural		

- DOMINGO 8 DE SETEMBRO ÁS 22:30 HORAS (INDEFINIDA)

DÍA	SERVIZO	ZONAS	FRECUENCIA MINIMA	SERVIZO MÍNIMO
LUNS	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	RSU	Rural Norte		
	Envase lixeiro	Núcleo urbano		
MARTES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	Cartón porta a porta + mercado	Núcleo urbano		
	Contenedores festas	Urbano + rural		
	Vidro	Urbano		
MERCORES	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	Retirada punto limpo	Núcleo urbano		
	Recollida edificios administrativos	Urbano + rural		
	Envase lixeiro	Rural norte		
XOVES	RSU+orgánica	Núcleo	6:00-13:05	56,25%

		urbano		
	RSU	Rural sur		
	Cartón	Urbán+rural		
VENRES	RSU+Orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	RSU	Rural Norte		
	Envase lixeiro	Rural sur		
SABADO	RSU + orgánica	Núcleo urbano	6:00-13:05	56,25%
	Cartón porta a porta + mercado	Núcleo urbano		
	Contenedores festas	Urbano + rural		
	Voluminoso	Urbano+rural		

Segundo: A actual empresa prestadora do servizo determinará os efectivos e designará ao personal que debe cubrir os servizos mínimos, fixando a súa xornada e horario de traballo. Para este efecto, a empresa elaborará un expediente de determinación de efectivos de servizos mínimos, que se exteriorizará adecuadamente para xeral coñecemento do persoal destinatario.

A designación nominal dos efectivos que deben cubrir os servizos mínimos, será determinada pola empresa e notificada ao personal designado.

Terceiro.- O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñécelle ao persoal nesta situación nin tampouco sobre a tramitación e os efectos das peticións que a motiven.

Cuarto.- Notificar a presente resolución á mercantil URBASER.